

ENTREVISTA: ANA PONTÓN

"A política ten que servir para mellorar a vida da maioría, non para protexer os privilexios duns poucos"

Insiste vostede en que a vivenda e o custo da vida son hoxe unha das principais preocupacións sociais.

A vivenda converteuse nun luxo para grande parte da sociedade galega, especialmente para a mocidade, mentres os salarios seguen sendo baixos e a cesta da compra non deixa de subir.

E nesta situación a Xunta que fai? Propaganda. Non hai unha política pública ambiciosa: non se mobiliza vivenda para alugueiro accesíbel, non se limita a especulación nas zonas tensionadas, non se actúa con decisión fronte os fondos voitre.

O mesmo co custo da vida. As grandes empresas están a ter beneficios desorbitados mentres medra a desigualdade social. A política ten que servir para mellorar a vida da maioría social, non para protexer os privilexios duns poucos"

E a esa maioría interésalle que Galiza se faga valer como país. Por que é tan importante?

Porque cando Galiza non se fai valer, sae perdendo. Infraestruturas que chegan



Ana Pontón, no centro, nunha rolda de prensa

tarde ou non chegan, investimentos insuficientes, decisións tomadas desde despachos en Madrid que discriminan o noso país.

Facerse valer significa decidir sobre os nosos recursos, sobre a nosa enerxía, sobre os nosos impostos. Significa non aceptar ser unha simple colonia extractiva onde se levan os beneficios e quedan os impactos ambientais. Galiza é unha nación con capacidade económica, industrial e cultural para liderar o seu propio desenvolvemento. O que preci-

samos é máis autogoberno e máis ambición política.

Que valoración fai da paralización do proxecto de Altri.

É unha enorme vitoria da sociedade galega e un rotundo fracaso de Rueda. Un presidente está para defender o país, non para poñelo ao servizo de intereses alleos. Galiza necesita unha política industrial propia, forte e sustentábel, ligada ao territorio e ao valor engadido aquí. E Altri era o contrario: espolio económico, contaminación, destrución do futuro da Ulloa e da Ría de Arousa.

O PP está cada vez máis agresivo contra o BNG, a que cre que se debe?

O PP está cada vez máis nervioso. O BNG xa é a forza hexemónica na Galiza de menos de 50 anos, e claramente na mocidade. Dino todas as enquisas con claridade e o PP está moi preocupado. A imaxe de Rueda depende do control dos medios e da propaganda que fai o PP desde a Xunta. E como non ten proxecto en positivo para Galiza, decidiu ser o líder da oposición ao BNG. O cambio político está en marcha.



BOLETÍN GRATUITO · Nº 9 · MARZO DE 2026

VOCEIRO

DE —

CULLEREDO



Os concelleiros do BNG de Culleredo: Xabier Villarrenaga, Laura Raposo, Tono Chouciño e Bea Pérez

O rural pide escola pública, Xunta e goberno municipal responden con privada

O British representa o privado fronte ao público, a minoría selecta fronte a maioría social

O British é un proxecto privado, pensado para un número limitado de familias, e que non presta servizo á maioría da veciñanza de Culleredo. Chama a atención que para facer

posíbel este centro educativo privado se faciliten trámites, accesos e actuacións no territorio, mentres que o ensino público no rural segue atopando obstáculos.



Somos xente traballadora e comprometida con Culleredo, polo que sempre estamos dispostos a dar voz ás túas demandas. Contáctanos a través de calquera destes medios.



Precisas axuda? **Contacta co BNG!**

Luns e mércores, de 12 a 14 horas
Tamén podes axendar en culleredo@bng.gal
ou visita as nosas redes sociais

Rúa do Concello s/n
15189 - Culleredo
629 667 947 / 669 165 673

Recheos de terras baixo sospeita para favorecer o ensino privado

O territorio da contorna da Ribeira-Sésamo foi alterado antes de decidir que se podía facer nel

O proxecto do centro educativo privado na contorna da Ribeira-Sésamo non parte dun territorio neutro. Antes da súa tramitación executáronse recheos de terras en varias parcelas, é dicir, botáronse terras para elevar e modificar o terreo natural. Algúns destes recheos foron autorizados como actuacións de carácter agrícola, sen licenza urbanística asociada.

Este tipo de actuacións non son menores. Os recheos cambian a forma do terreo, afectan á drenaxe da auga e condicionan o que se pode facer despois nesa parcela. Por iso, cando se realizan en solo rústico ou

preto dun río, deben tratarse con especial coidado e control.

Parte destes terreos atópanse en solo rústico e na zona de policía do leito do Río Valiñas, un ámbito especialmente sensíbel.

A información sobre estes recheos non foi transparente desde o inicio, até o punto de que o BNG tivo que solicitar formalmente acceso aos expedientes para coñecer que se fixo, cando e con que autorizacións.

Desde o BNG defendemos unha idea sinxela: o territorio non se pode cambiar sen planificación nin control, e as regras deben ser iguais para todos e todas.

O goberno do PP é responsábel do caso da gasoleira de Ledoño

O saneamento fíxose mal desde o principio e segue xerando riscos ambientais e de saúde pública

A gasoleira de Ledoño é hoxe unha realidade e leva tempo en funcionamento. Mais tamén é unha proba clara de como se poden tomar decisións equivocadas cando non se escoitan as advertencias nin se actúa con prudencia.

Desde o inicio, o BNG opúxose á súa localización pola proximidade ao Río Valiñas e por tratarse dunha zona que se podía anegar. Presentáronse alegacións formais coa veciñanza e colectivos ecoloxistas, advertindo dos riscos

ambientais e de contaminación nun río xa moi castigado.

Estas advertencias foron ignoradas. A gasoleira foi autorizada polo goberno do PP na Xunta e Augas de Galiza, malia que o propio PXOM de Culleredo, co visto bo dese mesmo organismo, clasifica esa zona como solo rústico de protección das augas.

Cando se iniciaron as obras, a realidade confirmou o advertido por escrito: a parcela asolagouse completamente, demostrando que se trata dunha zona inundábel.



A veciñanza de Torneiros sen beirarrúas pola negligencia municipal

As persoas quedan sen seguridade diante do tráfico

No caso do centro educativo do British, durante as obras actuouse nas marxes da rúa Torneiros, levantando a beira da estrada para facer canalizacións e movementos de terras. Ese era o momento lóxico para deixar preparado un espazo seguro para camiñar, como unha beirarrúa.

Ademais, nos informes da Xunta de Galiza indicábase que era conveniente valorar accesos para persoas pola rúa Torneiros e pola rúa Brimiáns. Non obrigaban a facelos, mais recomendaban pensar tamén na mobilidade a pé, especialmente tratándose dun centro educativo con uso diario.

O máis difícil de entender é que, cando un veciño ou veciña

constrúe unha casa, o goberno local adoita esixirle facer beirarrúa, arranxar accesos ou adaptar a vía por seguridade. Aquí, sendo unha obra moito máis grande, iso non se pediu.

Que fixo o BNG?

O BNG advertiu desta situación durante a tramitación do proxecto, sinalou a importancia de garantir accesos seguros para as persoas e defendeu que o goberno local debía esixir estas melloras aproveitando as obras nas vías municipais. Tamén solicitou explicacións e deixou constancia política de que a mobilidade non pode limitarse só ao tráfico rodado.

As verteduras de augas fecais en Sésamo son un risco para as persoas

O saneamento fíxose mal desde o principio e segue xerando riscos ambientais e de saúde pública

A rede de saneamento foi mal executada desde o principio. Colocouse demasiado preto do río Valiñas e a unha cota máis baixa da que debería, sen ter en conta como sobe o río nos episodios de choiva intensa. Isto fixo que a infraestrutura quedase mal adaptada á realidade do río, algo que a veciñanza leva anos sufrindo e denunciando.

As fecais non quedan só na rúa: van directamente ao río Valiñas, contaminan a auga, supoñen un serio risco para a saúde pública.

En marzo de 2024, o Concello de Culleredo, pola imprudencia do goberno local, foi sancionado por Augas de Galiza por unha vertedura procedente da rede municipal ao río.

O BNG demandou en varias ocasións diante do goberno municipal solución ao problema das augas fecais e das verteduras ao Valiñas, presentando iniciativas, facendo preguntas e solicitando información e actuacións ao goberno local. O tempo e as sancións demostraron que as advertencias eran fundadas e que facía falta actuar antes.

A falta de planificación do goberno local asegura un problema

Un centro grande require planificación previa, non improvisación

A apertura dun centro educativo deste tamaño implica un aumento importante de movementos diarios.

Sen planificación adecuada, poden producirse retencións e situacións de risco, agravadas pola falta de espazos seguros para as persoas.

Desde o BNG defendemos anticipación, planificación e medidas de seguridade viaria.

